



1 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015



CONCELLO DE VIGO
SERVIZO DE EDUCACIÓN

Vigo, 18 de setembro de 2015

INFORME

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL NAVIA (expte. 17043-332)

Emítese o seguinte informe coa valoración das ofertas presentadas para a contratación da xestión da Escola infantil municipal de Navia (expte 17043-332).

Procedemento de contratación: aberto.

Ofertas admitidas:

Colegio Los Milagros SL
Fundación de Estudios e Análises (FESAN)
Promoción de la Formación Las Palmas SL
Ana Naya García SL
Aurora, Pilar y Ana SL
Eulen Servicios Sociosanitarios SA
CLECE SA

Data de apertura da proposición técnica: 21/08/15.

CRITERIOS XERAIS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para a valoración das ofertas tivéronse en conta os criterios valorativos recollidos no apartado 8 da FEC así como nos apartados correspondentes do Prego de Prescricións Técnicas.

Valórase pois a calidade do Proxecto Educativo de Centro (PEC) presentado polos licitadores, dentro do cal se analizan os seguintes apartados: Análise do contexto (Características do funcionamento do centro, Características da organización do alumnado, Características do persoal que traballará no centro, Características do contorno), Definición da escola, Obxectivos, Programa de actividades, Estrutura organizativa e Materiais didácticos. A estrutura xeral do proxecto educativo vén definida na cláusula Cuarta do Prego de Prescricións Técnicas e no seu Anexo I, incluídos no expediente. Seguíronse ordeadamente os apartados da cláusula 8.A.1 da FEC, establecéndose unha valoración cualitativa e cuantitativa para cada un destes apartados que se trasladan ao cadro de valoración numérica que se inclúe ao final deste informe.

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 17043/332
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
Data impresión: 25/09/2015 11:20
Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E
Páxina 1 de 15



2 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA

CALIDADE DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC) (máximo 25 puntos)

ANÁLISE DO CONTEXTO (máximo 10 puntos)

AURORA, PILAR Y ANA SL

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

Información precisa e adecuada das características xerais e ubicación do centro. Equipo de Asesoramento e Orientación Psicopedagóxica; obxectivos ben expostos e oportuno esquema sobre pautas de intervención ante os diferentes tipos de situacións que se poden dar na EIM, respecto de alumnado con necesidades especiais e para observación e detección de posibles situacións de alarma nos distintos niveis educativos. Correcta exposición do servizo de comedor; obxectivos, protocolos para alumnado con intolerancias ou alerxias alimentarias, para a manipulación dos alimentos, para a alimentación con leite materno, guía nutricional completa por tramos de idade, recomendacións dietéticas, proposta de menús e propostas educativas asociadas ao comedor escolar. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

Periodo de adaptación completo e ben exposto. Reflexións e procedementos adecuados respecto da relación da EIM coas familias, das relacións entre o alumnado e con respecto ao alumnado con NEE (pautas de actuación, tipos de axudas, etc). O protocolo de actuación en hábitos saudables está ben recollido, conceptualmente ben fundamentado e estruturado, singularizando en base aos diferentes hábitos e actitudes ante a saúde, destacando os aspectos relacionados coa prevención. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

Adecuada exposición do organigrama funcional e horarios dos recursos humanos, así como das funcións a desenvolver e a distribución de tarefas. No referido á formación do persoal, reflexións xerais oportunas e desenvolvemento desigual do Plan de formación, non calendarizado, incluíndo mecanismos de avaliación destas accións formativas polos participantes. Fichas e apuntes sobre o proceso de avaliación do alumnado da EIM, por idades, así como xeral do centro polas familias e polo propio persoal. Puntúase, pois, con **2 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

Caracteriza ben ao contorno e fai un percorrido polos distintos contextos nos que se insire a EIM, así como de relación coas institucións e recursos da zona que poden ter relación e interese para a escola. Puntúase, pois, con **2 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: 9 puntos

COLEGIO LOS MILAGROS SL

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

Copia auténtica do original - Concello de Vigo
 Expediente 17043/332
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 25/09/2015 11:20
 Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E
 Páxina 2 de 15



3 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

A oferta presenta información detallada e precisa con respecto á ubicación e características xerais do centro. Con respecto ao servizo de comedor, fai un plantexamento detallado e apropiado, conforme co establecido nas Normas da Rede de Escolas Infantís Municipais -REIM- (Anexo I): menús, normas de hixiene, asesoría nutricional, concretando un plan de actuación. Presenta en anexos a Asesoría nutricional (con listaxes de menús -estacionais, especiais- semanal e valorado nutricionalmente), Proxecto de hábitos saudables, non só alimenticios (completo e oportuno, concretado por idades). No referido ao servizo de orientación, sobre a base do equipo de atención temperá (EAT), desenvolve nun anexo un moi completo informe psicopedagóxico, concretado en plans de actuación do EAT, especificando a súa carga horaria e propoñendo un interesante programa “Da escola ao cole”, preparatorio da incorporación do alumnado da EIM a un novo colexio, fundamentalmente para aquel alumnado que presente singularidades. Fai referencias ordenadas aos distintos procedementos de contacto e participación das familias, concretando actuacións periódicas, escola de nais/pais, fomento da ANPA, etc. A oferta define as características que deberán ter os materiais, funcións, usos, criterios de selección, de xeito moi completo e adecuado. Programación Xeral Anual e cronogramas, claros e precisos. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

En anexo específico, fai reflexións xerais sobre o periodo de adaptación, seguidas dos obxectivos a acadar, tarefas, suxestións, consellos, indicacións ao persoal, resumido nun protocolo de adaptación do alumnado moi ben exposto e temporalizado. Con respecto á integración do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE), relaciona ao EAT coa detección e adaptación do alumnado con posibles anomalías e, a partir de ahí, a oferta presenta un moi adecuado proxecto de integración. No anexo “Carpeta pais/nais” indica o procedemento de información ás familias, desenvolvendo as relacións individuais e grupais familia/escola. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

Define con exactitude o número e perfil dos traballadores/as que integrarán ao equipo, as súas funcións, o plan de formación continua (en Anexo: obxectivos, características e programa temporalizado), a distribución das tarefas e o xeito de traballar, complementado nun Anexo coa documentación correspondente -fichas control, entrevistas, boletíns-, de xeito coherente e adecuada; moi completo. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

A oferta describe pormenorizadamente a parroquia de Navia, e a súa historia recente, onde se ubica a EIM, presentando propostas de aproveitamento didáctico do contorno, salientando os seus numerosos recursos (culturais, lúdicos, deportivos, etc). Plasma un bo coñecemento da REIM e propón medidas para o seu impulso, así como de uso de outros recursos municipais (escolas municipais de música, teatro, etc). Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: 10 puntos

FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

A oferta presenta de entrada certa indefinición no relativo ao financiamento, así como un erro manifesto na ubicación cartográfica da escola. Con respecto ao servizo de comedor e programa de nutrición, a oferta realiza unha serie de reflexións sobre as súas

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 3 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



4 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

funcións na escola, particularidades, exemplos de menús semanais, etc, dun xeito bastante xeral, botándose en falta unha maior concreción e sistematización deste importante aspecto. Escueto e simple desenvolvemento do servizo de orientación. Xeralidades inespecíficas en relación coa proxección social do centro na zona. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

A oferta plasma a distribución do alumnado conforme ao establecido nos pregos, reflexionando sobre os aspectos de desenvolvemento dos rapaces/as que afectan ao seu proceso madurativo, para describir a continuación dous programas específicos: periodo de adaptación e programa de hábitos saudables, oportunos e ben presentados. Reflexións xerais sobre as características das familias e relacións entre o alumnado. Plan de atención a nenos e nenas con necesidades educativas especiais, correcto e adecuado. Protocolo de información e participación das familias, simple, adecuado, pero pouco pautado. Puntúase, pois, con **2 puntos**.

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

Sobre o persoal básico que establece a normativa de aplicación, a oferta propón a participación de persoal de apoio de FESAN (pedagogo/a, asesores, etc, con indicación da súa dedicación semanal). Distribución e horarios expostos con claridade, definindo as funcións e cometidos dos distintos postos de traballo. Reflexións básicas sobre coordinación do persoal, repetindo información xa incluída con anterioridade. O Plan de formación do persoal formula obxectivos, metodoloxía e programación tipo, sen calendarizar, moi xenérico. De igual xeito, con respecto aos mecanismos e criterios de avaliación. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

Despois dunha somera descripción da cidade, a oferta relaciona os recursos socioculturais e naturais do municipio, con algunhas inexactitudes. Esboza someramente obxectivos a acadar e fai consideracións xerais sobre cómo acadalos. Como noutros apartados, a oferta presenta máis declaracións de intencións que contidos e propostas concretas para a súa materialización. Puntúase, pois, con **0,5 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: 5 puntos

CLECE SA

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

Cunha exposición sintética, ben estruturada e precisa, a oferta ubica correctamente á EIM nos seus parámetros básicos, describindo pormenorizadamente os distintos aspectos que compoñen a súa oferta de servizos; servizo de asesoría de nutrición, controis de calidade alimentaria e comedor (con información oportuna en anexos); e de orientación. Reflexións adecuadas e oportunas en canto á proxección social da escola e relación coas familias. Boa presentación dos horarios e consideracións relacionadas. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

Reflexión estruturada sobre diversidade, de xeito xeral e na que inclúe as NEE, ordenando en medidas (ordinarias e extraordinarias) as respostas educativas propostas. O periodo de adaptación correctamente desenvolto no apartado de información e participación das familias, cuxos procedementos propostos sintetiza oportunamente, incorporando o ámbito dixital de comunicación e interacción con elas, cunha aplicación específica. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	
Expediente 17043/332	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv	
Data impresión: 25/09/2015 11:20	
Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Páxina 4 de 15	



5 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

Correctas e oportunas consideracións en canto a número, procedencia e funcións do persoal, claramente expostas, complementada coa participación doutros departamentos relacionados da empresa. Exposición clara e estruturada da programación de formación do persoal de EIM, que concreta na proposta. Boa definición e información sobre o xeito de traballar, distribución de tarefas e mecanismos de información e formación do persoal (inclúe plataforma de teleformación). Criterios de distribución e avaliación do alumnado ben expostos, estruturados. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

A oferta ubica ben a escola no seu contorno. A información e reflexións sobre os recursos e servizos do contorno, sintética, oportuna, correcta e ben estruturada. Puntúase, pois, con **2,25 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: **9,75 puntos**

PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

A oferta presenta información básica con respecto a: titularidade, financiamento, número de unidades (esquece citar turno de tarde), situación xeográfica, instalacións, Reflexións adecuadas con respecto á participación e implicación das familias e bos plantexamentos para a dinamización da ANPA. En anexo desenvolve adecuadamente os aspectos relacionados coa alimentación, servizo de comedor e programa de nutrición, con detalle de menús estacionais. Presenta unha proposta de horarios/tipo detallados por aulas. Bótase en falta o desenvolvemento, neste apartado, do servizo de orientación. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

Indica número e distribución (esquece citar turno de tarde). Reflexións adecuadas sobre o periodo de adaptación, ben estruturadas, con proposta de actuacións axeitadas. Con respecto ao alumnado con NEE e atención á diversidade a oferta presenta un completo proxecto de actuación, incluíndo aquí os aspectos relativos ao papel da orientadora, indicando, entre outras reflexións, unha relación de medidas a adoptar (preventivas, xerais, ordinarias e extraordinarias). Con respecto ás familias, detalla, de xeito somero, o procedemento de atención ás familias, a súa periodicidade e tipo de contacto. Inclúe proxecto “Voume ao cole dos maiores”. A exposición, no seu conxunto, é algo desordenada. En anexo, non citado, reflexións sobre hábitos saudables e hixiene persoal. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**.

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

A oferta presenta unha relación de traballadores/as da EIM en canto a número, formación, funcións (remitíndose ao indicado nas Normas REIM), distribución de tarefas, xeito de traballar, rexistros de información, tipos e frecuencia das reunións, liñas para a formación do persoal (obxectivos e proposta de cursos e outras actividades formativas). Fai unha descripción dos mecanismos de avaliación, sistemática e completa. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

Copia auténtica do original - Concello de Vigo
 Expediente 17043/332
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 25/09/2015 11:20
 Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E
 Páxina 5 de 15



6 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

A oferta fai unha descripción xenérica das características socioeconómicas de Vigo, con reflexións xenéricas para a interacción da EIM no seu contorno, sen concretar especificamente na parroquia de Navia. Puntúase, pois, con **0,75 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: 6 puntos

ANA NAYA GARCÍA SL

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

A oferta presenta unha descripción esquemática das características físicas e funcionais do centro. Neste apartado, a oferta esquece o turno de tarde. Reflexións xenéricas sobre a proxección social do centros e sobre os materiais. Con respecto ao servizo de orientación, e logo de reflexións xerais, protocalariza (proceso de valoración do desenvolvemento infantil) as actuacións co alumnado e propón accións de cara ás familias e de coordinación co seguinte ciclo de Educación Infantil. En relación ao servizo de comedor, fai reflexións sobre as súas posibilidades didácticas e educativas, cunha descripción detallada e completa dos criterios e procedementos de elaboración de menú (menús adaptados, etc). Prolíficos listados de menú (por grupos de idade, estacionais, especiais,...). Puntúase, pois, con **2,25 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

A oferta volve esquecer o turno de tarde. Presenta unha descripción detallada das características, necesidade e intereses dos rapaces/as de 0 a 3 anos. Indica características básicas que concorren nos nenos no periodo de adaptación á escola e recomendacións ás familias, así como un protocolo a seguir no proceso de adaptación. Desenvolve un programa de fomento de hábitos saudables (obxectivos, técnicas e actividades) e concreta, por idades, os hábitos a aprender e a súa avaliación. Con respecto ao alumnado con NEE, precisa un plan de actuación e un proxecto de colaboración co EAT, completo, estruturado pero, ao igual que o conxunto da oferta, non moi ben presentado. No que respecta aos mecanismos de relación coas familias, presenta propostas estruturadas e coherentes. Puntúase, pois, con **2 puntos**.

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

A oferta describe o persoal legalmente establecido, indicando funcións (para dirección, persoal educativo, de apoio, orientador e de servizos), botándose en falta unha información estruturada e concreta do organigrama dos recursos humanos da EIM. Escuetas e xenéricas reflexións sobre os mecanismos de coordinación entre o persoal traballador da escola. Presenta un plan de formación xeral da empresa, pouco específico, limitándose a citar aspectos do Plan xeral de formación do persoal da rede de escola infantís Cativos, sen concretar calendario nin programa específico. En relación aos mecanismos de avaliación, presenta reflexións e propostas ambiciosas pero pouco estruturadas. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

A oferta fai reseñas xerais sobre Vigo, ningunha sobre o contorno concreto da EIM. A continuación lista recursos da cidade (moitos deles non adaptados ao alumnado da EIM), sen maior valor. O resto dos aspectos deste apartado non deixan de ser declaracións de intencións, sen concreción e sen adecuación ao contorno concreto da EIM en cuestión. Puntúase, pois, con **0,25 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: 5,75 puntos

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 6 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



7 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

Características de funcionamento do centro (máx 2,5 puntos)

Escueta información sobre titularidade da escola, sen citas ao seu financiamento, nin ao turno de tarde. Adecuadas e sinxelas reflexións sobre o servizo de comedor (con maior desenvolvemento no último capítulo “Outros servizos”, cando tiña que facelo aquí), servizo de orientación e atención temperá (concretando brevemente as funcións do EAT e o seu plan de actuación) e servizos complementarios (celebracións e festas no curso). Declaración de intencións e remisión ao traballo posterior da dirección do centro na elaboración do plan para o establecemento de relacións cos recursos da zona. Información moi básica respecto das relacións coas familias. Puntúase, pois, con **0,75 puntos**.

Características da organización do alumnado (máx 2,5 puntos)

A oferta indica número de alumnos (non cita turno de tarde) de xeito escueto, sen indicación ás Normas REIM. Non caracteriza ás familias usuarias; reflexións xenéricas sobre relacións entre alumnado e diversidade. De xeito sintético, Programa de intervención para alumnado con NEE, ben estruturado pero pouco concreto. Especificacións oportunas respecto do periodo de adaptación e hábitos saudables. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**.

Características do persoal que traballará no centro (máx 2,5 puntos)

A oferta remítese á normativa de aplicación en canto a número de traballadores/as. Esquemático e oportuno organigrama funcional. Plan de formación asociado ao Instituto de formación de EULEN e á súa plataforma on-line: formación de acollida (8 horas) e 40 horas anuais de formación continua e reciclaxe (na proposta inclúe batería de cursos posibles). Reflexións adecuadas pero moi xenéricas con respecto ao xeito de traballar. Cadro resumo de distribución trimestral de tarefas sobre o horario diario, botándose en falta a singularidade do recibimento do alumnado de tarde. Indicacións das características evolutivas do alumnado, sen concretar nin os criterios de distribución nin de avaliación. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**.

Características do contorno (máx 2,5 puntos)

A oferta non manifesta apenas coñecemento específico dos recursos do contorno da EIM, remitíndose a reflexións xerais inespecíficas sobre estes aspectos. Expón o plan “Coñecendo Navia” como recurso para o coñecemento do contorno, sen ningunha concreción real no barrio. Puntúase, pois, con **0,25 puntos**.

Puntuación total no apartado “Análise do contexto”: **3,5 puntos**

DEFINICIÓN DA ESCOLA (máximo 3 puntos)

AURORA, PILAR Y ANA SL

A oferta expón con claridade reflexións adecuadas ao respecto da confesionalidade da escola, normalización lingüística, liña metodolóxica e educación para a igualdade, aínda que se bota en falta unha maior concreción neses ámbitos. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**

COLEGIO LOS MILAGROS SL

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 7 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



8 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

Indicación concreta e concisa dos sinais de identidade da Escola, de conformidade co establecido nas Normas REIM. Ben expostos os principios metodolóxicos xerais, establece prioridades oportunamente, resaltando os aspectos fundamentais para a súa aplicación. Reseñas adecuadas sobre coeducación, colaboración con pais/nais e un moi bó desenvolvemento (no conceptual e no concreto) de proxecto de multiculturalidade, con actividades específicas para todo o ano. Puntúase, pois, con **3 puntos**

FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)

Escuetas afirmacións sobre confesionalidade e lingua de aprendizaxe. Reflexións xenéricas e inespecíficas sobre metodoloxía e liñas metodolóxicas a seguir. Con respecto á coeducación, educación para a igualdade e educación intercultural, a oferta reflicte conceptos e reflexións adecuadas e coherentes, pero segue a botarse en falta unha maior sistematización e concreción das súas propostas específicas. Con respecto á colaboración cos pais e nais, a oferta non aporta nada novo neste apartado, con respecto ao xa indicado noutros capítulos. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**

CLECE SA

Reflexións coherentes sobre os sinais de identidade da escola (confesionalidade, normalización lingüística, educación para a igualdade e multiculturalidade), liña metodolóxica e colaboración cos pais/nais. Sintético e ben estruturado. Puntúase, pois, con **2,75 puntos**

PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

A oferta comeza con breves referencias á confesionalidade e aspectos lingüísticos da escola, pasando a desenvolver con máis detalle a liña metodolóxica proposta, coa actividade coma eixo central. Dun xeito xenérico, indica os principios que se aplicarían e, esquematicamente, os criterios a ter en conta. Oportunas indicacións sobre a coeducación e plan de convivencia, completo e detallado. Con respecto á participación das familias, a oferta propón actividades ben estruturadas, botándose en falta referencias á ANPA. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**

ANA NAYA GARCÍA SL

A oferta parte da enumeración dos “dereitos dos nenos” para indicar, mediante unha numerosa secuencia de palabras clave, os sinais de identidade propostos. Referencia ao marco legal da cuestión lingüística, que a oferta asume. A liña metodolóxica exposta é coherente, continuidade dos aspectos anteriormente sinalados, enunciando, moi pormenorizadamente, os principios e criterios metodolóxicos nos que se basea. A educación para a igualdade, o reforzo dos valores éticos e democráticos e a colaboración cos pais/nais están abordados de xeito adecuado. Presenta reflexións xenéricas sobre a educación para a saúde, ambiental, vial, para o consumo responsable, sexual, para a paz e a multiculturalidade, ..., quizais excesivas e non sempre adecuadas aos grupos de idade da EIM. Puntúase, pois, con **2 puntos**

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

Cita escueta á confesionalidade da escola e relación de accións a prol da normalización lingüística e carácter bilingüe da EIM. Xeralidades (pouca concreción) sobre liña metodolóxica, reducindo as metodoloxías a aplicar ao desenvolvemento do xogos para as diferentes idades. Inclúe aquí reflexións sobre os criterios de avaliación do alumnado. Pautas e reflexións para a coeducación e xe-

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	
Expediente 17043/332	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv	
Data impresión: 25/09/2015 11:20	
Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Páxina 8 de 15	



9 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

ralidades como Plan de igualdade. A colaboración cos pais/nais aparece escuetamente pautada na oferta, indicando tipo e frecuencia das reunións a realizar. Puntúase, pois, con **0,75 puntos**

OBXECTIVOS (máximo 3 puntos)

AURORA, PILAR Y ANA SL

Tras a numeración dos obxectivos pedagóxicos xerais para esta etapa educativa recollidos na normativa de aplicación, a oferta presenta, de xeito xenérico, competencias básicas, estratexias de atención á diversidade e reflexións sobre actividades, metodoloxía, avaliación e recursos materiais, pasando a continuación a expoñer detalladamente a programación proposta, por grupos de idade, desenvolvendo as unidades didácticas que a compoñen, con algúns contidos repetidos e desubicados, que o fai extenso en exceso. Os obxectivos organizativos, administrativos, institucionais e lingüísticos e as actuacións para a súa consecución están reflectidos de xeito adecuado na oferta. Puntúase, pois, con **2,25 puntos**

COLEGIO LOS MILAGROS SL

A oferta expón, en primeiro lugar, os obxectivos xerais recollidos nas Normas REIM, pasando a enumerar os obxectivos específicos por ámbitos de actuación (lingüístico, humano e convivencial, institucional e organizativo, e pedagóxico, con información ampliada en Anexo “Proxecto curricular”). De xeito estruturado e sintético (con ampliación no citado Anexo e no Anexo “Unidades didácticas”) a oferta indica, por ámbitos de experiencia e por grupos de idade (0-1, 1-2 e 2-3), os obxectivos, contidos, procedementos e criterios de avaliación que compoñen a programación proposta, de xeito esquemático e adecuado. Puntúase, pois, con **2,75 puntos**

FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)

A oferta enumera os obxectivos pedagóxicos xerais que a lei establece para este nivel educativo, pasando á súa concreción en obxectivos específicos por áreas de coñecemento. De xeito sintético, enumera os obxectivos administrativos, organizativos, institucionais e lingüísticos. En anexo desenvolve a súa proposta pedagóxica, completa e ben estruturada (obxectivos, metodoloxía, contidos, actividades, avaliación, etc). Puntúase, pois, con **2,5 puntos**

CLECE SA

Obxectivos pedagóxicos expostos con claridade e coherencia, esquematizados por áreas de coñecemento e niveis presentes na escola, desenvolvendo adecuadamente a programación correspondente para cada etapa educativa. Oportuno esquema de programación, con información estruturada e temporalizada de distribución das unidades didácticas e o seu vencello coas datas especiais de celebración, complementado con outras actividades propostas que complementan e reforzan as expostas con anterioridade. Os obxectivos administrativos, organizativos, institucionais e lingüísticos están expostos de xeito sintético e rigoroso. Puntúase, pois, con **2,75 puntos**

PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

A oferta indica os obxectivos pedagóxicos por áreas curriculares e de coñecemento, plasmando basicamente o recollido na normativa de aplicación. Enumera a continuación os obxectivos administrativos, organizativos, institucionais e lingüísticos de xeito moi xenérico. A oferta concreta estes obxectivos en unidades de programación, desenvolvendo os contidos educativos que as conforman

Copia auténtica do original - Concello de Vigo		
Expediente 17043/332		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 9 de 15
	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	



10 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

en cadros esquemáticos por áreas, cadros nos que tamén figuran os criterios de avaliación, de xeito claro e coherente. A continuación propón unha serie de unidades de programación integradoras que, de xeito transversal, inciden ordenadamente no exposto con anterioridade. Remata con referencias ás competencias básicas que a lexislación establece no ensino básico e as desenvolve, aínda que previamente fai constar que están indicadas para o ensino obrigatorio, e non é o caso. Puntúase, pois, con **2,25 puntos**

ANA NAYA GARCÍA SL

A oferta repite aquí os principios xa expostos, para pasar a enunciar, primeiro xenericamente e logo de xeito algo máis concreto e por áreas, os obxectivos pedagóxicos a acadar, de xeito coherente e claro. Enuncia tamén obxectivos administrativos, organizativos, institucionais e lingüísticos. Os contidos por áreas e bloques temáticos, están ben expostos, sintéticos e con coherencia. Puntúase, pois, con **2,25 puntos**

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

Formulación non directa e clara dos obxectivos pedagóxicos; a oferta presenta o proxecto educativo “Curioseando” para lactantes (3-12 meses), camiñantes (12-24 meses) e exploradores (24-36 meses), arredor duns centros de interese que focalizan as actividades a desenvolver, nunha exposición pouco estruturada, pouco precisa e incompleta. Os obxectivos organizativos, administrativos, institucionais e lingüísticos, xenéricos, sen a precisión oportuna. Puntúase, pois, **0,5 puntos**

PROGRAMA DE ACTIVIDADES (máximo 4 puntos)

AURORA, PILAR Y ANA SL

A oferta presenta unha serie de actividades complementarias e extraescolares (saídas ao contorno, actividades con pais/nais, de inserción no territorio, de educación para a igualdade, de novas tecnoloxías, ...) ben definidas e estruturadas. Destaca o desenvolvemento da incorporación dunha terceira lingua (inglés) e da biblioteca. Puntúase, pois, con **3,5 puntos**

COLEGIO LOS MILAGROS SL

A oferta enumera neste apartado as actividades complementarias que se propón levar a cabo. Na de Introducción á lingua inglesa desenvolve adecuadamente os seus obxectivos, conceptos, procedementos, actitudes e criterios de avaliación, especificando e concretando as unidades didácticas que compoñen a actividade. Interesante proposta de biblioteca de pais/nais, explicada de xeito sinxelo e concreto. Obradoiros e horto escolar completan este aspecto. As actividades extraescolares (a desenvolver os segundos sábados de cada mes) e con nais/pais abórdanse adecuadamente, con propostas concretas viables, inseríndoas temporalizadamente na propia programación das unidades didácticas. Capítulo específico de introdución das TIC na escola, cunha interesante relación de software específico a utilizar, referencias á axenda dixital e uso das redes sociais nas comunicacións coas familias. Puntúase, pois, con **4 puntos**

FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)

A oferta presenta propostas de actividades a desenvolver durante o curso, dependendo da súa periodicidade, ben encardinadas pero pouco desenvoltas. A oferta mestura as actividades propostas, non deixando claro qué actividades teñen a consideración de complementarias, cáles de extraescolares (propón algunhas os venres), etc, dando un resultado confuso. Desenvolve a modo de

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 10 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



11 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

exemplo un dos obradoiros propostos, unha celebración, ... De xeito pouco ordenado, a oferta indica os aspectos (preparación, normas) a ter en conta para as saídas dirixidas ao alumnado de 1 a 3 anos. Reitera aspectos xa tratados en relación coa participación das familias, creación da escola de pais/nais, actividades abertas ás familias, cunha certa redundancia, con propostas e aportacións interesantes, pero cunha exposición confusa. Esta circunstancia leva a que non se concreten as actividades nun cronograma de execución, senón que a oferta se limita a facer consideracións sobre a súa importancia e exemplifique cunha programación diaria de actividades, con información reiterativa. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**

CLECE SA

A oferta define convenientemente as actividades complementarias e extraescolares, ordenadas en base á súa relación co funcionamento da escola: saídas (con reflexións adecuadas relativas ao seu papel e posibilidades e con descripción de numerosos exemplos), actividades con pais/nais (concretando e describindo numerosos exemplos, que complementa con aqueles referidos á propia dinamización da ANPA -excursións, horto escolar, escola de pais-, así como cos criterios para a súa mellora), de inserción no territorio, de normalización lingüística (con desenvolvemento específico do proxecto de iniciación ao inglés), de educación para a igualdade e de aplicación de novas tecnoloxías. Nun cadro resumo final temporaliza e ordena o conxunto de propostas de actividade deste apartado, todo moi ben estruturado e con coherencia. Puntúase, pois, con **4 puntos**

PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

Con reflexións, extensas en exceso, ao respecto da importancia das saídas, a oferta indica os mecanismos para a súa promoción, desenvolvemento e avaliación. Con algo máis de detalle, desenvolve as actividades cos pais/nais (incluíndo os proxectos: Escola de familia “Medrar xuntos”, Biblioteca animada e “O corazón verde”), as de fomento da normalización lingüística (incluíndo Iniciación á lingua inglesa, moi completo), de educación para a igualdade e de aplicación das novas tecnoloxías. Cronograma sinxelo con distribución mensual de actividades. Bótase en falta unha maior claridade na estruturación das actividades complementarias e extraescolares propostas. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**

ANA NAYA GARCÍA SL

A oferta presenta, por trimestres, unha relación de posibles actividades complementarias. Relaciona aspectos a ter en conta para a organización de saídas escolares, que concreta nun listado de posibles saídas, en función do que finalmente estableza o equipo educativo, definidas xenericamente. Presenta, como centro de interese, o proxecto da Rede Cativos “O noso mar”, detallando as súas actividades durante todo o ano; presenta outros produtos da Rede Cativos (reforestación, horto escolar,...) con moi diferente grao de desenvolvemento. Outras actividades (lingüísticas, para a igualdade, de novas tecnoloxías, ...) están exposta de xeito inespecífico, ao igual que os obradoiros indicados (música, danza, cociña, teatro,...). Xeralidades con respecto a extraescolares e algo máis de definición nas apuntadas en colaboración cos pais/nais. Temporalización inexistente. En xeral, a oferta presenta a información bastante mal estruturada. Puntúase, pois, con **1,5 puntos**

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

Neste apartado a oferta repite moita da información xa indicada no anterior, relativa ao proxecto “Curioseando”. A partir de ahí, presenta agora os obxectivos xerais por áreas de coñecemento (relaciona os que cita a normativa de aplicación) e específicos por grupos de idade. Apartado con numerosas redundancias, mal estruturado; propón actividades por idades, sen deixar claro cales son normais, complementarias ou extraescolares, relacionadas co que denomina “vida diaria”, relativa ás rutinas e procedementos bási-

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 11 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



12 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

cos na escola. Cronograma anual sinxelo e proposta de extraescolares entendida como posibles obradoiros a realizar un sábado de cada mes. O programa de participación das familias, xenérico, sen precisión nin plan de dinamización de ANPA específico. Plan de normalización lingüística, sintético e adecuado. Puntúase, pois, con **1,25 puntos**

ESTRUTURA ORGANIZATIVA (máximo 3 puntos)

AURORA, PILAR Y ANA SL

A oferta fai unha breve referencia aos órganos de goberno do centro, remitindo ao apartado 1.C do proxecto (“Características do persoal”) o referido ás funcións dos distintos estamentos. A asignación, número de educadores e dimensión e composición dos grupos adecúase ao establecido no Anexo 1 do PPT. Reflexións oportunas sobre a titoría e a acción titorial e sobre a utilización dos espazos escolares, aínda que moi xenéricos. Puntúase, pois, con **1,5 puntos**

COLEGIO LOS MILAGROS SL

A oferta indica de xeito sintético a asignación e número de educadores por grupo, remitíndose á información concreta indicada no apartado “Características do persoal” da oferta, completado coas referencias á normativa de aplicación en canto a dimensión e composición dos grupos. Breve reseña á función titorial. En canto á utilización dos espazos, realiza unha proposta de zonificación por aula, concreta e adaptada á EIM de Navia. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**

FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)

A oferta presenta a conformación do equipo de educadores/as e dos grupos dun xeito xeral e inespecífico. Reflexións escuetas e xenéricas con respecto á titoría e á utilización dos espazos escolares. Puntúase, pois, con **0,75 puntos**

CLECE SA

Coa presentación dos criterios adecuados para a asignación dos educadores aos grupos, a oferta establece o número de educadores e dimensión e composición dos grupos de conformidade co indicado nas Normas REIM. O Plan de acción titorial proposto, articulado cara aos nenos/as, familias, contorno e equipo docente, está ben fundamentado e exposto esquematicamente con claridade, así como os mecanismos para a súa avaliación. Unha descrición pormenorizada dos espazos da escola, con reflexións oportunas e ordenadas, indica as súas posibilidades como espazos educativos. Puntúase, pois, con **2,75 puntos**

PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

Proposta de organización do equipo educativo, por comisións temáticas. Número, distribución e composición dos grupos, segundo normativa. Desenvolvemento adecuado do Plan de acción titorial, referido ao alumnado e ás familias, indicando mecanismos de avaliación. Con respecto á utilización dos espazos escolares, establece criterios e condicionantes para a súa zonificación, por grupos de idade, con propostas interesantes, botándose en falta unha maior especificidade a esta escola en concreto. Puntúase, pois, con **2,5 puntos**

ANA NAYA GARCÍA SL

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 12 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



13 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

A oferta remite á normativa de aplicación para indicar a proposta de conformación do equipo educativo, e pospón a concreción da organización do persoal ao “instante en que coñecemos exactamente as necesidades reais...”; relaciona o tipo e composición dos órganos de goberno da escola. Reflexións adecuadas sobre a acción tutorial e a súa concreción no funcionamento ordinario da escola: criterios, procedementos, avaliación, de xeito xenérico. A utilización dos espazos escolares, precedida por reflexións ao respecto das características e necesidades destes grupos de idade, recolle propostas de zonificación dentro de cada aula, adecuadas pero pouco específicas. Puntúase, pois, con **1,5 puntos**

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

Dimensiona ao grupo en base á normativa de aplicación (vólvese botar en falta a cita ás Normas REIM -e á propia Rede- en toda a proposta). Moi pobre desenvolvemento da acción tutorial e sobre a utilización dos espazos escolares. Puntúase, pois, con **0,5 puntos**

MATERIAIS DIDÁCTICOS (máximo 2 puntos)

AURORA, PILAR Y ANA SL

A oferta reproduce o inventario de material presente na escola e acompaña con orzamentos para a adquisición de material coa achega de 12.000 € prevista polo Concello, cunha reserva para estores. Aporta listado de material e equipos a aportar pola empresa, xunto cunha relación de material funxible que considera necesario para o funcionamento da escola. Puntúase, pois, con **1 punto**

COLEGIO LOS MILAGROS SL

En Anexo, a oferta presenta unha relación exhaustiva e valorada do material a aportar, referenciando aquel de primeira adquisición (para o que se destinará a partida inicial de 12.000 euros aportados polo Concello no inicio do contrato), daquel outro aportado pola empresa a maiores desa dotación inicial. Apartado moi completo e adecuado. Destaca a dotación bibliográfica proposta para a biblioteca da escola. Puntúase, pois, con **2 puntos**

FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)

Como noutros apartados, a oferta fai reflexións xenéricas con respecto ao equipamento e aos recursos e materiais didácticos, dos que define características e cualidades, pero non concreta cales aportará (“No caso de que FESAN resulte adxudicataria, comprométese a subministrar o mobiliario, material didáctico e funxible que sexa necesario para o normal desenvolvemento do servizo...”. Non concreta o material a adquirir coa achega inicial municipal de 12.000€.. Puntúase, pois, con **0,25 puntos**

CLECE SA

Unha relación exhaustiva do material a aportar pola empresa completa as indicacións que a oferta presenta relativas aos criterios para a súa selección, así como aspectos relativos á calidade e características dos xoguetes, de xeito moi detallado. Non especifica o equipamento a adquirir coa achega municipal inicial. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**

PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

Copia auténtica do original - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 13 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



14 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

Reflexións xerais sobre os materiais a utilizar na escola, acompañado dunha relación dos tipos de materiais a utilizar. En Anexo, relaciona os materiais e equipamento didáctico concreto a aportar pola empresa. Non especifica o equipamento a adquirir coa achega municipal inicial. Puntúase, pois, con **1,75 puntos**

ANA NAYA GARCÍA SL

A oferta relaciona o material e equipos que aportará a empresa, concretando algún e facendo referencias xenéricas para o resto, comprometéndose a dotar á escola do equipamento, material didáctico e educativo necesario para o seu bó funcionamento. Non especifica o equipamento a adquirir coa achega municipal inicial. Puntúase, pois, con **1 punto**

EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS SA

Con cargo á dotación inical municipal para ese fin, a oferta presenta en anexo un extenso listado de material “para a posta en marcha” da escola e, como aportación da empresa, dous tablets por aula e programas interactivos. Clasifica e tipifica os materiais presentes nunha escola infantil, sen maiores especificacións. Puntúase pois, con **0,5 puntos**

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 25/09/2015 11:20	Páxina 14 de 15
Expediente 17043/332	Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



15 Informe valoración expediente 17043-332. Contratación xestión EIM Navia. Setembro 2015

CADRO RESUMO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA

Empresa	ANÁLISE DO CONTEXTO					DEFINICIÓN DA ESCOLA	OBXECTIVOS	PROGRAMA DE ACTIVIDADES	ESTRUTURA ORGANIZATIVA	MATERIAIS DIDÁCTICOS	TOTAL
	Funcionamento do centro	Organización do alumnado	Características do persoal	Características do contorno	Subtotal						
<i>Puntuación máxima</i>	2,5	2,5	2,5	2,5	10	3	3	4	3	2	25
AURORA, PILAR Y ANA SL	2,5	2,5	2	2	9	1,75	2,25	3,5	1,5	1	19
COLEGIO LOS MILAGROS SL	2,5	2,5	2,5	2,5	10	3	2,75	4	2,5	2	24,25
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	1,25	2	1,25	0,5	5	1,25	2,5	1,75	0,75	0,25	11,5
CLECE SA	2,5	2,5	2,5	2,25	9,75	2,75	2,75	4	2,75	1,75	23,75
PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS SL	1,75	1,75	1,75	0,75	6	2,5	2,25	2,5	2,5	1,75	17,5
ANA NAYA GARCÍA SL	2,25	2	1,25	0,25	5,75	2	2,25	1,5	1,5	1	14
EULEN SERVICIOS SOCIOS-ANITARIOS SA	0,75	1,25	1,25	0,25	3,5	0,75	0,5	1,25	0,5	0,5	7

Aquelas ofertas que non acadaron a puntuación mínima de 15 puntos (Fundación de Estudios e Análises -FESAN-, Ana Naya García SL, EULEN Servicios Sociosanitarios SA), non superan o umbral mínimo establecido no PCAP, polo que quedan descartadas

O TÉCNICO SUPERIOR DE EDUCACIÓN

Ignacio Ojea Pérez

Copia auténtica do original - Concello de Vigo
 Expediente 17043/332
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 25/09/2015 11:20
 Código de verificación: 2BEA3-AECBE-AC288-4E82E
 Páxina 15 de 15